



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a **Axencia Galega de Innovación** comprácenos informaros da oferta de **Programas de Aceleración a empresas** dos que dispoñen as seguintes entidades bancarias e que están actualmente vixentes:

O **Banco Sabadell** conta co programa "**BStartup 10**" para apoiar a novas empresas innovadoras e tecnolóxicas a desenvolver os seus proxectos coas máximas garantías de éxito. Este programa está dirixido a **startups** do entorno dixital que dispoñan dun prototipo operativo, que non leve máis de dous anos no mercado e, a poder ser, con primeiras probas de clientes realizadas. Os proxectos deben inscribirse no **ámbito dixital** en sentido moi amplo: desenvolvemento de negocio en comercio electrónico, aplicacións móbiles, plataformas sociais, cloud, big data, seguridade, software B2B, temas relacionados co sector financeiro, software, internet das cousas, banca 2.0, etc. A duración do programa é de 6 meses e a axuda ascende a 100.000 euros, 70.000€ en efectivo e 30.000€ en especie (a través de acompañamento personalizado, establecemento no mercado, entrada do Banco Sabadell no accionariado). O prazo de presentación de propostas comezou en maio de 2015. Podes obter máis información do programa en: <http://bstartup.bancsabadell.com/inversion-bstartup-10/>

Pola súa banda, o **BBVA** conta co programa "**BBVA Open Talent 2015**", un programa para o apoio de empresas no ámbito das **finanzas tecnolóxicas**, así como proxectos que afecten a esta industria, que poidan influír na súa evolución e no proceso de transformación. Está dirixido a startups **disruptivas e innovadoras**, dadas de alta con posterioridade ao 1 de maio de 2011. Os proxectos deben estar inscritos no ámbito das finanzas tecnolóxicas: comercio electrónico, seguridade, pagos móbiles, data, etc. A duración do programa é do 11 de maio ao 31 de decembro de 2015. A axuda inclúe 30.000 euros para destinar ao desenvolvemento dun proxecto en colaboración co BBVA ou algunha das entidades do grupo, viaxe para unha persoa para participar no encontro internacional "Immersion and Interaction Program", dúas semanas para coñecer a algunhas das mellores empresas da industria financeira tecnolóxica e para aproveitar os contactos de BBVA para impulsar as posibilidades de negocio, e asesoramento e apoio para aumentar as posibilidades de éxito. O prazo de presentación de propostas pecha o 13 de xullo de 2015. Podes ampliar a información sobre este programa en: <https://www.centrodeinnovacionbbva.com/opentalent>.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixas pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.